

CATRO POETAS

(Céltiga. "Da renacencia Galega", 25-VI-1926)

O Seminario de Estudos Galegos acolleu no seu seo os catro poetas máis representativos da que podemos chamar segunda renacencia galega -a do século XX, que se inicia arredor do 1916- para diferenciala do século XIX. a que puideramos chamar tamén Era dos Precusores. Estes catro poetas son: Cabanillas, Noriega Varela, López Abente e Taibo.

Claro está que atrás deles veñen xa outros: Bouza Brey, Blanco-Amor, Montes, Manoel-Antonio, Otero Espasandín, etc., outra xeración que xorde con pulo e con formas novas, e que derradeiros representantes da Era dos Precusores, ou cecais mellor na transición daquel tempo ao noso, quedan outros poetas de valer: Ribalta, Lugrís Freire, Rodríguez González, o Marqués de Figueroa, Lisardo Barreiro e algúns máis. Temos diante dos ollos arestora, tres xeracións literarias, nas que podemos considerar a evolución do gusto e das ideas na nosa Terra; é unha das cousas que máis interese histórico lle dan ao noso tempo.

Imos agora cos catro a que vai adicado este artigo. Catro poetas, entre os cales son máis de notar que o aire de caste que poidan ter -os catro son fundamente raciais, enxebres, no senso século XX do enxebrismo, que tampouco é xa o do século pasado, pois os conceptos vanse trasformando no noso tempo tan a présa como camiña o espertar da conciencia galega- as fondas desemellanzas que os arredan. Catro poetas, catro sentimentos diversos. Pouco teñen que ver o un co outro.

Moito se ten falado xa, con tino ou sen tino, do Ramón Cabanillas, e moito máis haberá que falar aínda, pois é cecais o máis vario non xa dos nosos poetas, mais aínda se cadra dos nosos escritores, e decote está sacando novas potencias, novas maneiras e temas novos. Chámanlle o Poeta da Raza, porque o é; sentindo como ningún "a dor da terra ferida", a Terra asoballada que apelida pola liberdade á que ten dereito e de que é merecente, fixo os mellores versos de revolta, e os seus berros chamando á loita son sen dúbida os que máis fondo chegan no corazón da nosa xente. Por isto lle chamaron en Cataluña, onde o coñecen e o aman, o Poeta Civil da Galiza. Eu quixen mellor chamarlle o noso Poeta Étnico, e así llo espuxen a Tomás Garcés, a Salvat-Papasseit, e a outros irmáns da vangarda política daquela terra. É que eu atopaba ao Cabanillas rústico, ata anarquizante de máis, para ser un Poeta Civil; a súa ispiración transcende ese concepto urbano, un pouco estreito, que o pecharía coma nunha gaiola. Cabanillas precisa cantar *au grand air*, é -poeticamente falando, claro está- mais do mato e da gándara que non da rúa...

Ademais, é o gran lírico da tenrura e a saudade, o gran lírico do sentimento da terra, lírico sempre. E un gran corazón a cantar. O sangue cántalle nas veas, o vello sangue céltigo que o fai bardo, que o fixo ser bardo antes de que lle dera por escribir sagas e romances, bardo dende *No desterro*. Os temas da poesía bárdica pódense reducir, en derradeiro termo, aos dos trobadores da Provenza, por máis lonxana que lles viñera a estes a tradición céltiga, espallada por toda a Idade Media: Patria, Fides, Amor. Co ideal bárdico, loita na alma do Cabanillas -cecais coma nas de todos nós- o ideal virxiliano do acougo da aldea, ideal ben clásico, por máis que Virxilio fora descendente de celtas, de galos cisalpinos...

O Cabanillas ten toda a potencia descritiva dos Precusores e dos seus Secuaces, que houbera dito Murguía, e é máis perfecto ca eles. O Montes asegura que o Cabanillas é o que remata a Era dos Precusores, o Derradeiro Precursor.

Nestes últimos tempos, despois das *Sagas* céltigas nas que glosa en vidente as lendas do ciclo artúrico -o ciclo bretón de vella tradición galega- despois dos romances en que reviven Xelmírez e dona Urraca, Cabanillas revélase de súpeto poeta relixioso, e canta en xeito popular ao *Bendito san Amaro*, e - en delicado xeito erudito - á santa Virxe María e a santa Teresiña do Neno Xesús. Aínda nos ha dar máis sorpresas, porque o Cabanillas ten folgos para moito; é lírico polo sentimento, mailo seu pulo é épico.

Antón Noriega Varela -que está publicando moi fermosas cousas en *Céltiga*- é outra cousa ben diferente. Ningunha semellanza ten co Cabanillas. Velaquí un virxiliano verdadeiro, un virxiliano que, a pesar da súa aparente rusticidade, le a Virxilio en latín. Chámanlle Poeta da Montaña, e tamén o é.

Aquí estamos lonxe de todas as rebeldías. Dicía hai pouco nun artigo Fernández Armesto, un rapaz moi agudo da nova xeración, que Galiza podíase gabar de ter unha lírica revolucionaria como hoxe non a ten ningunha nación da Europa, agás Rusia... Pois tamén o Noriega, sentiu unha vez o desacougo revolucionario, aló, nos tempos de Acción Gallega. Daquilo fican tres poesías incluídas na recolleita *Do ermo*, cecais por contentar aos editores nacionalistas... Non atinou o Noriega ao pulsar esta corda. A súa musa maina e doce se non aviña con aquilo. Namorado das cousas humildes, das cousas pequenas, o Noriega sabe ben ver nelas a grandeza que teñen; sabe ben que "para alcanzar a Iúa, nin sequera é preciso ser xigante". E canta sinxela e nobremente. E todo un aspecto da poesía dos Precursores, depurado, exaltado. O Noriega deixou xa a poesía descritiva que cultivara en *Montañesas*, para se facer lírico puro, lírico enxebre de exquisito sentimento.

Pouco a pouco, vai aínda limpando a súa expresión de inútiles adobíos. A súa grande arela é facer poemas sinxelos e breves que rendan a emoción pura. O Noriega houbera chegado a escribir *Nai Kais*, e poida que aínda chegue, anque chegue tarde, cando a moda xa pasou. De todos os xeitos non habían ser de imitanza os que el fixera. El houbéraos creado.

Gonzalo López Abente é parente de Pondal polo sangue e pola inspiración. Deste poeta, pouco coñecido ata hai pouco en Galiza, os versos de *Escumas da ribeira* e *Alento da Raza*, chamaran xa a atención de Philéas Lebesgue cando pasou por Vigo da volta de Portugal. Hai neles un rouco acento pondaliano, unha forza seria e un pouco tristeira, anque serena. O ano pasado publicou *D'Outono*, un libro de sonetos clásicos, de soberbia feitura. López Abente é clásico como foi o Pondal da segunda época, o Pondal inédito de *Os Eoas*... Cecais Pondal foi clásico do mesmo xeito que o foi Leconte de l'Isle segundo pensa Otero Pedrayo: non por greco-romanismo, senón por primitivismo, esculcando a simplicidade prehomérica...

López Abente é clásico, e por ser clásico, e sendo clásico, é novo. Novo dentro das formas solemnes do clasicismo, un pouco rudo e coma batido do mar, porque é o seu un clasicismo atlántico, e aínda en certo modo lle puideramos chamar goethiano.

É un dos nosos poetas do mar. Ten fermosas visións de certo xeito descritivo, da costa de Muxía, onde el vive, visións do mar bretemoso, cheas do seu ulido salobre. A Era dos Precursores vive de costas viradas ao mar, ollando soamente a aldea e a montaña; velaquí unha das desemellanzas máis curiosas entre os dous tempos: os poetas e os escritores do noso novecentos vóltanse cara ao mar, descubriron a poesía, e aínda máis, a enxebreza do mar. O Atlántico non hoxe se impón soamente ao noso sentimento lírico, senón ao noso pensamento tamén: é o vieiro de xuntanza da Gran Céltiga, e a nosa raza mergulla nel o seu ollar, en procura se cadra da Patria primeira que Vereá e Aguiar, fantasioso ou vidente, nos mostrara asolagada... Victoriano Taibo marca a transición da xeración de Cabanillas á dos novos. As primeiras voces da modernidade actual soan nos seus versos. O seu primeiro libro leva xa un rótulo de anunciación: *Abrente*, e móstranos un poeta no instante de se arredar da escola do Cabanillas, para coller por outros vieiros. O Cabanillas móstrase fiel ás formas tradicionais; o Taibo creba aquí e alí os ritmos herdados e atina con acentos novos. É tamén un feliz poeta do mar, como López Abente, como Cabanillas. Volve sobre os grandes temas bárdicos. É forte ás veces, delicado outras, sempre poeta. Outro libro, *Da vella roseira*, fai nacer rosas novas na roseira vella da inspiración popular: cántigas, pequenos poemas en que o sentimento intensamente poético da raza enféitase de sinxelas galanías, de puro lirismo enxebre.

O camino que aínda collerá o Taibo, non o sabemos. Emprinciou pódose en primeira fila; ollamos o abrente do seu día, e cheiramos as súas primeiras rosas. Alén do seu valor como obra feita, cada un dos seus poemas é unha promesa. Agardemos o terceiro libro.

A EVOLUCIÓN DO GALEGO E OS SEUS CRÍTICOS

(Céltiga. "Da renacencia Galega", 26-XI-1926)

Na lingua galega estase dando un fenómeno que se está dando a un tempo nos nosos días, en toda Europa, coas linguas rehabilitadas: o erse ou irlandés, o finlandés, o checo, o lituano, o noruego, o flamengo, o catalán.

Este fenómeno é que estas linguas, que levaban séculos sen emprego oficial nin literario, ao entraren de novo en uso entre a xente centífica e erudita, evolucionan a présa, anóvanse, trasfórmanse, e moitas vegadas, a lingua escrita arrédase algo da lingua que se fala.

Hai pouco facía notar este fenómeno, con respecto á súa lingua, un escritor catalán no *Sol* de Madrid. Decía que o que faltaba de Cataluña algún tempo, anque non fora máis que medio ano, ao voltar, atopaba que a súa fala era xa arcaica, pois naquel tempo o catalán tiña feito moito camiño.

En moito menor escala, algo diso acontece tamén co galego, especialmente, claro está, co galego que se escribe. Tamén evoluciona. E se evoluciona, é porque ten vida. O sinal da vida é o movemento. Tiña que acontecer así, porque o galego quedara reducido dende o século XV ao estado de lingua falada soamente, e pouco a pouco, foi sendo botado das vilas e relegado á fala dos paisanos da aldea ou dos traballadores da vila, os cales inda hai pouco emprincipiaba tamén a abandonalo. O galego deste xeito empobreceuse, e un número inmenso de verbas galegas caeron en desuso, e a xente deixou non soamente de empregalas, senón de comprendelas. Grazas a que ficaban escritas nos documentos.

A renacencia do século pasado moito fixo polo rehabilitamento do galego, especialmente algúns escritores de relativamente pouco valor literario, mais que eran sabios eruditos, coma López Ferreiro. Mais aquela renacencia foi pouco destemida; aqueles escritores raramente se atreveron a saíren do puramente lírico ou humorístico, e para isto abondáballes coa lingua limitada dos paisanos chea ademais de castelanismos. Ademais, non coñecían outra; a publicación de documentos da Idade Media -idade de ouro do galego- na Galiza diplomática de Bernardo Barreiro, nas publicacións de López Ferreiro e de Martínez Salazar, principiaron tarde, e facíanse moi pouco a pouco. Os Cancioneiros a penas eran coñecidos máis que polo publicado por De la Iglesia en *El idioma gallego. A Crónica Troyana* se non se publicou ata 1900; a tradución galega do *Calixtino*, ata 1918; e así co demais.

En troques, os que escribimos despois da publicación destes monumentos literarios, dispomos dun léxico moitísimo máis rico que o dos nosos mestres do século XIX. Máis rico e máis puro. Para todos aqueles conceptos para que eles se ían ás verbas castelás, temos nós unha ou máis verbas galegas.

Tamén nos cómpren; porque se os nosos mestres do XIX non empregaron o galego máis que na literatura, nós empregámolo para falarmos de ciencia, de filosofía, de economía, de historia, de política. Precisamos por isto un caudal de verbas moito meirande que o que eles precisaban.

Ademais cada día aparecen verbas novas no estudo atento e concienzudo dos documentos, e o que é máis digno de nota, cada día aparecen tamén novas verbas vivas, empregadas polo pobo das aldeas, en lugares recuados, ou limitando o seu emprego a unha comarca, ou empregadas soamente xa polos derradeiros vellos dun lugar.

Con todo isto, e coa mellor coñecencia das súas leis, da fonética, da gramática, da semántica e lexigrafía, da construción da frase, o galego vai evolucionando e mellorando.

Hai quen non está conforme: escritores das vellas xeracións, algún escritor novo que lle dá por levar a contraria, algúns lectores que non comprenden ben máis que o galego que eles falan...

As mesmas cousas que estes inimigos da evolución do galego din dos nosos escritores modernos, dixéronse na Finlandia do Profesor Snellman, e en Bohemia de Jungmann e de Safarik. Os seus argumentos, aquí e alén, son fillos da ignorancia. Hai pouco reproducía eses argumentos nun xornal de Madrid, o grande humorista Julio Camba, que coido que non é

ningunha autoridade científica, en filoloxía polo menos... Non deixa de ser curioso observar que, para ridiculizar con exemplos o galego que hoxe se escribe, utilizara Julio Camba tres erratas de imprenta...

Un dos seus argumentos, que é un argumento bastante vulgar (o humorista en xeral deféndese moito coa ideoloxía do vulgo; o humorismo é por vegadas inocencia finxida) é o de que o galego dos escritores de agora, é aportuguesado. Non negarei que o aportuguesamento ten os seus defensores: un deles é o poeta Victoriano Taibo, e mais este, nin semella nos seus versos aportuguesado, nin ninguén o acusou de tal. Tampouco negarei que no léxico empregado polos modernos escritores galegos, haxa moitas verbas que pertezan tamén ao portugués culto. ¡E non vai esto pasar, se galego e portugués son a mesma lingua!... Esas verbas que os nosos detractores coidan só portuguesas, son tamén galegas; son tan nosas coma dos portugueses, e temos tanto dereito para empregalas, coma eles tamén. O que acontece é que moitas desas verbas, os galegos deixaron de usalas, namentres que os portugueses as seguiron empregando; todas esas verbas aparecen escritas en documentos galegos da Idade Meia, datadas en Ourense, en Santiago, en Betanzos, en todas as vilas de Galiza. Non son exclusivamente portuguesas; non son lusismos.

Outras verbas que os ignorantes desbotan, son os cultismos, especialmente as verbas técnicas das ciencias e das artes, que lles non parecen enxebres. E claro que non o son; non o son no galego, nin no castelán, nin no francés, nin sequera no latín e no grego de onde foron collidas. Esas verbas son patrimonio internacional, todos temos dereito a empregalas nas nosas falas respectivas, e o que é máis grave, non é doado prescindir delas. Aínda os alemáns, que as traducen, conservan a carón da verba súa, a verba grega ou latina: Sprachkunde e Philologie, Volkerkunde e Ethnologie, etc.

Ben é certo que os escritores modernos non dan tino ningún a esas críticas. Nin as discuten tan sequera. Teñen razón: a Verdade, para triunfar, abóndalle con amostrarse.



FUNDACIÓN
VICENTE RISCO

OS NOVOS

(Céltiga. "Da renacencia Galega", 25-VI-1927)

Todo é novo, en rigor, na literatura galega, hoxe e onte. Non temos clásicos atrás de nós. Os Precursores, en canto galegos, tiñan moito de primitivos: viñan abrir o vieiro. Rosalía foi nova de todo; resultou precursora do modernismo castelán e da pureza poética dun Xoán Ramón Ximénez. En Pondal hai o máis verdadeiro, o máis enxebre, o máis auténtico arcaísmo: mocidades aínda, e posterioridades por outra banda, como a dos vangardistas de hoxe. Moza é a literatura dos Cancioneiros -que ademais soamente hoxe principiamos a asimilarmos-. O período clásico por excelencia - do século XV ao XIX- foi estéril para as nosas letras. Así, hai temas esgotados e temas por tratar, mais non temos normas tradicionais que nos atallen.

Ademais, hoxe en día, poucos escritores galegos haberá que pasen do tempo de xubilación, e os máis dos que están en activo servizo, andan, os máis, polos corenta anos.

Imos tratar hoxe dos máis mozos e dos máis audaciosos. Seara nova. A ceifa anúnciase boa.

Ao escomenzarmos este capítulo cómpre que citemos un nome ben coñecido dos galegos da Arxentina: Eduardo Blanco Amor. Posto a medio camiño entre o simbolismo francés do tempo de *La Centuria*, e a avangarda de hoxe, os seus versos e as súas críticas son dos que máis se estiman aquí na Terra. É un poeta feito, e ten o senso da escolleita.

Dos de aquí podemos facer un agrupamento cos que hoxe se xuntan arredor do Seminario de Estudos Galegos e da revista *Nós*. Xente moita dela universitaria, mesturan a literatura coas investigacións eruditas de diferentes ordes. Non falarei aquí máis que dos que fan literatura. Collegeremos entre eles catro nomes principais: Fermín Bouza Brey, Filgueira Valverde, Rafael Dieste e Magariños Negreira.

Bouza Brey pillou todo o engado, toda a delicadeza, toda a arte sincera dos Cancioneiros, e deitouna en modernidade en fermosísimos poemas que andan polas revistas adiante. En pleno século XX, é un poeta cortesán que sente o que rima. Tamén publicou en *Lar* unha noveliña histórico-lendaria: *Cabalgadas en Salnés*. É ademais o máis dono do idioma dos escritores novos. Os seus escritos, non soamente denotan un temperamento de verdadeiro poeta, senón unha ciencia fonda e substancial. Efectivamente, o Bouza, que é bibliómano -outra proba de afeccións distinguidas- sabe canto hai que saber de historia e bibliografía galega, coñece o menos coñecido da nosa literatura de todos os tempos. Leuno todo, bo e ruín, e ten atopado libros tan raros, documentos tan curiosos -tamén ten pechicado nos inéditos de Pondal sobre o que se publicou un traballo que nin que tivera pauto co demo. É máis o que lea os seus versos non sospeita que poida ser un rebuscador de vellos papeis, nin un arqueólogo, nin un folclorista ou un europeo da boa tradición, máis Valery-Larbaud que Romain Rolland.

Outro inédito, moi novo en anos e en orientación, é o Filgueira Valverde, que vén de publicar outra das noveliñas de *Lar*: *O Vigairo*. *O Vigairo* é o sentido poema da Moureira e da noble caste dos traballadores do mar, feito cun fondo senso da tradición e das vellas liberdades, un poema en prosa, escrito nun galego requintado e nun estilo de moito movemento. O que máis sona lle ten dado ao Filgueira é un libro de contos: *On nenos*, deses contos breves nos que son mestres Otero Pedrayo e Castelao, que é o creador do xénero. Xénero que cecais sexa o achádego da literatura galega actual: as *Cousas* do noso gran artista e gran escritor. Pois iso son, no seu os do Filgueira, cousas de nenos, impresións da súa infancia sen dúbida, moitas delas, fresquiñas e tépedas aínda, e recendentes, dunha sinxela inxenuidade e un sentimentalismo, ás vegadas, de humorista. O Filgueira é tamén un tremendo traballador, e aínda ten outra cousa: sabe proxectar as cousas en grande: ten o senso do seu feito. E non me parece pouco para os anos que ten.

Rafael Dieste ten un libro de contos, *Dos arquivos do trasno*, que lle asegurou a sona. Os do Dieste son contos tráxicos e punxentes, nos que ás veces pasa a lembranza de Poe, o gran precursor non sei por qué tan esquecido, cando foi o que foi, coma se puidera haber o que hai sen Poe,

coma sen Wagner; e mais siléncianos dun xeito sistemático. Hai ademais no Dieste o que non hai moito nos escritores galegos non humoristas: un psicólogo. O Dieste é moito máis psicólogo que non filósofo, por máis que o que el quixera ser é filósofo, porque é autoanalista. A obra periodística do Dieste supoño que é ben coñecida dos galegos de América. Os seus *Temas galegos* do *Pueblo* son páxinas nas que dispara decote cara ao cénit, buscando aspectos novos a todas as preocupacións dos galegos de hoxe, polo que resultan dos máis característicos da nosa renacementa.

Humorista, e dun humorismo sen bágoas, un pouco detido no cómico, é o Magariños Negreira. Atinou ben en *O Kalivera 30 H. P.*: non tanto en *O filósofo de Tamárica*, no que anovou un tema que tratara outrora Labarta Posse, anque soubo presentar moi ben un tipo que se dá moito na nosa Terra. O Magariños lembra un pouco ao Wenceslao Fernández Flórez.

Fóra deste agrupamento, cómpre sinalar a Lois Amado Carballo, autor de moi bos poemas líricos e dunha fermosa noveliña das de *Lar*, unha das mellores da colección: *Os probes de Deus*. Amado Carballo ten anunciado un libro de versos. E un dos que queren sacar da Alalá -como Euxenio Montes- a forza de modernidade e de futuro que contén. De conseguiren a realización, o alabá podería dar a volta ao mundo; coma o "hai-kaí". Máis coñecido é Correa Calderón que xa ten longa biografía literaria; da súa concepción sinxela do ceo, unha fermosa noveliña que seica ten segunda parte inédita, xa nos temos ocupado. Estes dous son teoricamente e ás veces practicamente da avangarda. Tamén o son Xesús Bal, dunha gran curiosidade estética, adicado ademais á música, e teorizador dos coros e do futuro ballet galego; Otero Espasandín, prosista e lírico de obra aínda dispersa por revistas e xornais; Augusto M. Casas, Roxelius, Xan Vida1 Martínez e outros moitos, pois as novas firmas aparecen a cotío.

Non é doado tampouco caracterizalos polo instante. Xa virá tempo en que a obra os define e acuse. Nin é ademais o que nos propomos, outra cousa que irmos apuntando mostras da nosa vitalidade literaria. O principal é que haxa quen busque un senso novo á nosa renacementa, que cada día máis se afirma e endereita.



A SAUDADE

(Céltiga. "Da renacencia Galega", 10-VII-1927)

Fagamos un pouco de historia interna da Renacencia Galega. Consideremos os sentimentos e os pensamentos que semella que a moven. Había anos que se non falaba das *saudades*, que na segunda etapa do actual movemento galeguista, tiña chegado a ser un tópico. Mais hoxe, estes días precisamente, e en parte motivado por unha conferencia do doutor Nóvoa Santos en Vigo, estase debatendo moito este punto entre outros, por Dieste, Otero Pedrayo e Antón Vilar Ponte. O saudosismo foi máis que unha escola literaria –Correia de Oliveira. Teixeira de Pascoaes, Afonso Lopes Vieira, na poesía; Leonardo Coimbra na filosofía; Veiga Simões na crítica; cecais Manuel da Silva Gaio- a tónica das letras portuguesas, antes do integralismo e do cubofuturismo da *Contemporánea* e ata certo punto da *Seara Nova*. Mais non é que nós o tomáramos dos portugueses, nin moito menos: na Renacencia galega do XIX andaba xa a verba e a cousa: *suidades*, en Rosalía; *Saudades gallegas*, titulábase un libro de Lamas Carvaxal (Ourense 1889); *suidades*, en Pondal (nos *Queixumes*). Trátase dun sentimento común a galegos e portugueses, tidos por todos coma característica da raza occidental. Xa o fixera notar tamén Unamuno (*Por terras de España y Portugal*, e diferentes artigos). É cousa sabida que na esencia, saudade e morriña son a mesma cousa; a morriña ata vén ser ás vegadas unha forma patolóxica da saudade, que foi observada constantemente nos emigrados e nos quintos dos cuarteis, polo menos, dende comenzos do século XIX, por propios e estraños. Debendo facer notar que o mesmo se ten observado noutros pobos céltigos. Como observa singularmente dos bretóns H. de la Villamarqué, nas notas do *Barzas-Breiz*. Coa coincidencia de ser a nosa unha raza migradora por excelencia.

Ora, no noso tempo, o erguemento da saudade a concepto filosófico, quen o iniciou foi o gran Lois Porteiro, nas *Verbas dun loitador*, que publicaba en *El Noroeste da Cruña*, e quen desenvolveu a idea foi outro morto ilustre: Johan Viqueira, e máis eu, que aínda estou vivo. Pode que o ter eu defendido esta idea, fose causa de que a moitos lles non simpaticen. O Viqueira, seguindo en parte a Teixeira de Pascoaes, xuntou na súa interpretación nun só os dous sentimentos: o que leva aos galegos a emigraren -"cobiza do lonxe"- e as *saudades* do chan natal. Viqueira propendía a explicar por esta contradición, se cadra aparente, o carácter galego e a nosa historia espiritual. Un ben cumprido estudo do asunto atópase no discurso de entrada na Academia galega do Cabanillas; *A saudade nos poetas galegos* e na resposta de Eladio Rodríguez González, obra publicada anque difícil de atopar.

É curioso notar que a saudade, en canto cobiza do lonxe, vén a coincidir co sentimento do esparo característico, según Spengler, da cultura occidental, e este sería, claro está, o peor dos casos, anque explicaría o florecemento de Galiza na Idade Media, cando a cultura occidental principiaba a desenvolver o seu pulo (século XII) e a súa decadencia de hoxe en día. É neste suposto, claro que a saudade non é exclusiva da raza galega.

Fica aínda a saudade coma lembranza. Esta é a que desbotan moitos novos, a que, temperamentos con cobiza dinámica como o Dieste, semella que consideran como unha doenza. O Vilar Ponte sostén que este sentimento é común a todos os pobos do mundo; en principio, ten razón: é a *nostalxia*, da que se ten falado con referencia a Petrarca, a Dante, e aínda a Ovidio e máis atrás aínda, a Ulises. Mais esta precisamente é a que máis foi notada entre os galegos, os bretóns e os irlandeses, e se non hai diferenza cos outros pobos no sentimento mesmo, haina con seguranza na intensidade. Nisto foi no que non se fixou o Vilar Ponte... Ora este sentimento, ¿é bo ou ruín? O doutor Nóvoa Santos non fixo da saudade un xuízo desta clase: amostrouna como a levando no fondo un sentimento místico-panteísta; explicouna desenvolvendo ideas que xa foran indicadas por nós. Neste senso, habería aquí todo un sistema filosófico, ou mellor, poderíanse facer moitos.

Mais dende o punto de vista dinámico, de dinámica social e política, ¿é a saudade un sentimento bo ou ruín? É doada, para aumentar as forzas ou para enfeblecelas? Estou en

conforme dende logo, en que Galiza o que precisa hoxe é forzas e coraxe, os máis audaciosos, para recadar os seus dereitos cheos de autogoberno, de autocultura, de renovamento e xustiza social, e anque todo canto nos poida tirar forzas, ou diminuír as nosas cobizas, que cada día deben ir medrando, debe ser desbotado. ¿Pódenos nacer a saudade? Coido que todo sentimento é de feito dinamicamente aproveitado cando un pobo ten vitalidade. Coido que a vitalidade dun pobo medra cultivando o que ten de diferencial, o que ten de seu. O que para outros pode ser mortal, para nós pode ser vital; todo vai na enerxía con que o sintamos, na coraxe con que o proclamemos. A finalidade de cada pobo é chegar a ser el mesmo.



A REVISTA NÓS

(Céltiga. "Da renacencia Galega", 25-VII-1927)

O que eu fale da revista *Nós*, pode parecer, á primeira ollada, unha autogabanza ou autoreclamo. E non hai tal. *Nós* é unha publicación na que a dirección é o que menos vale e o que menos importa. A unidade do *Nós* vénlle da unanimidade fundamental dos colaboradores, e de ningún xeito do criterio de quen a dirixe.

Nós foi a primeira revista puramente literaria deste segundo tempo, escrita toda en lingua galega. *A Nosa Terra*, reducida hoxe pola censura a un labor literario, era cando naceu o *Nós*, un boletín de espallamento político.

Pois o *Nós* naceu alá polo ano de 1920. A idea xurdiu en Pontevedra, un serán do mes de San Xoán, que estabamos arredor dunha mesiña, na acera do café Méndez Núñez, por fronte á Peregrina, o Cabanillas, o Castelao, o Lousada Diéguez, e mais eu. Falábase da saudade, do celtismo, da Atlántida e non sei cuántas cousas mais... O tempo para min, daquela, estaba dourado de sol, e agora si que eu teño que me gabar: traía pulo. Planeouse alí unha revista literaria, e xurdiu coma decote, a dificultade tantas veces irremontable: a dos cartos. Lousada Diéguez, que daquela era dun optimismo ventador de todos os abrentes -estabamos na idade heroica, e non pasaron disto máis de seis anos- dixo que o caso era sacar o primeiro número... Despois, non sei como foi, o asunto ficou nas miñas mans e nas do daquela tamén optimista Arturo Noguerol. O Castelao foi o padriño: o título *Nós* pertencíalle a el; era o do seu pasmoso álbum no que Galiza xeme, chora, maldiz e rebélase en cincuenta sepias admirables. Eu non sei como fixemos, que o primeiro número apareceu polo outono daquel ano.

Xa para aquel mandáranos un poema o gran Teixeira de Pascoaes. Phileas Lebesgue que principaba a falar en Francia das nosas letras, aparecía nel cun artigo traducido, no que se intercalaban as súas traducións francesas de poemas do Cabanillas, do Noriega, do López Abente. O saber popular ocupa unha sección, e noutra danse novas de todo o noso movemento literario.

A aparición do *Nós* foi saudada con ledo agarimo en toda a nosa Terra, en Portugal, en Cataluña. O noso boletín iniciaba un camiño triunfal. O Castelao traballaba amorosamente facendo viñetas, testas, iniciais, floróns e colofóns dunha arte exquisita, chea de inspiración románica. Os poetas galegos chegaban ás páxinas cheos de ledicia. Recollíamos nós canto viñeira de Portugal e das terras céltigas: traducións de Yeats, de Hrand Nazariantz -outro amigo noso, fillo da asoballada Armórica- orixinais franceses de Phileas Lebesgue; estudos encol da filosofía de Leonardo Coimbra, encol de Irlanda -á que se adicou un número no aniversario de Terencio Mac Swiney- de literatura galega e portuguesa, de arte nosa, os primeiros traballos arqueolóxicos do Cuevillas, os estudos económicos do Noguerol, o *Diario do viaxe* do Castelao, son das cousas máis dignas de nota daquela primeira serie, esgotados hai tempo os máis dos números, e buscados e reclamados de tal xeito, que chegará a haber que reimprentalos.

O éxito era redondo; o malo eran os cartos. A subscrición estaba moi baixa: darlle á xente todo aquilo por dous reás o número, amuñabamos. O xenio financeiro do Noguerol, moi norteamericano e incapaz de concibir as cousas máis que en grande, imaxinou toda caste de recursos de publicidade, de accións, obrigacións, sociedades de persoal e capital variable, que son a súa especialidade, e eu qué sei que máis cousas... Constituíuse a "Sociedade Nós", na que formamos de primeira intención Ramón Otero Pedrayo, Arturo Noguerol Buxán, Vicente Risco, Alfonso R. Castelao, Antón Lousada Diéguez, Ramón Villar Ponte, Leonardo Rodríguez, Xosé Calviño Mariño, Antón Vilar Ponte, Francisco Lamas, e despois outros, que se impuxeron verdadeiros sacrificios para soste a publicación. Lle non valeu; lle non valeu, porque contra aquela cobiza de cartos, estaba a cobiza de perfección: aumentaban as páxinas, as pranchas en cores, as gravuras fóra de texto...


Principiouse a publicar a primeira tradución en idioma peninsular da sonada obra do filósofo galego Francisco Sánchez, os primeiros achados da citania de San Cibrán das Lás, a *Estética da*

muíñeira do Montes; novos colaboradores apareceron: Portela Valladares, Francisco Luís Bernárdez, Ánxel del Castillo; devélase Fermín Bouza Brey... Polo derradeiro, coa axuda económica de Portela Valladares, principia unha grande obra: a publicación das fontes narrativas para a historia antiga de Galiza: primeiro o que os xeógrafos e historiadores clásicos dixeron da nosa terra. Publicáronse oito páxinas que contiñan a fonte antiga de Rufo Festo Avieno na *Ora Marítima*: primeiro unha nota encol do autor, despois, a dúas columnas, o texto latino e o texto galego, con notas explicativas ao pé, nas que de camiño, ían as opinións dos máis ilustre comentaristas.

Por fin, no número 18, houbo que suspender a publicación de *Nós*. Por certo que neste número, que malia a data que leva, surteu á rúa mandando xa o Directorio, apareceu un tremendo soneto do Cabanillas, que houbera posto espanto na censura.

Despois pasaron dous anos xustos: "Dos anos xustos – di no número 19, de 25 de Santiago do 1925- a contraria sorte tivo parada a nosa obra, que tan pacenzudo esforzo e tan duro sacrificio nos custara, sen que neles deixáramos por un instante esmorecer a arela do seu rexurdimento". Por fin, a empresa *Lar* ofreceunos sacar a *Nós* de novo, e o *Nós* volveu saír. Tiñamos agora o labor do Seminario de Estudos Galegos, tiñamos a Otero Pedrayo en chea actividade, a Bouza Brey, a moitos. Tamén ten arestora o *Nós* o que antes non tiña: inimigos. Con todo, o *Nós* vai xa principiando a cuarta serie de 12 números, vai no número 39. Publicou *A Edade do Ferro en Caliza*, publicou traducido un anaco do *Ulysses* de Joyce, *A Espada Escalibor* do Cabanillas por primeira vegada, e outras moitas cousas.

Nós mantén en festa a bandeira da cultura enxebre, sen concesión ningunha ao bilingüismo. E mantena decote coa mesma bandeira.



A PROPOSITO DA HISTORIA GALEGA

(Céltiga. "Palabras de Vicente Risco", 10-V-1928)

Din que a historia é a mestra da vida, e éo de moitos xeitos. A fin de contas, tanto un sabe, canto leva na memoria, e a historia vén ser a memoria dos pobos. Para un pobo, a historia ten un valor de experiencia vivida e un valor de Tradición que se aprende. Deste xeito, un pobo cando se educa, edúcase pola historia de seu, e edúcase *para* a historia universal. O rol, bo ou ruín, que ha facer nesta pende en como se teña adonado da súa. Soamente teñen un rol decente na historia universal, os pobos que souberon crear unha cultura de seu, ernbora a gardaran para si e non a impuxeran a outros, como acontece con moitas das culturas antigas de Oriente e máis de América; eses son os pobos creadores; os outros, os que viven da cultura allea, son pobos miméticos, non pertencen ao mundo da verdadeira historia, senón que constitúen o tristeiro mundo provinciano e colonial. Non é que un pobo criador non poida coller dos outros a parte meramente instrumental da cultura –ciencia abstracta e medios técnicos- mais o que propiamente é cultura -as disciplinas humanas- hao sacar da substancia da súa personalidade tradicional.

Endexamais perde un pobo a súa personalidade tradicional, namentres a conxugación dos *ethnos* e a *gea* se non desfaga; mais a personalidade pode ser esquecida, pode ser desbotada da conciencia actual das xeneracións, pódese perder a conexión consciente coa historia, e daquela, o pobo incapacitado para crear, redúcese a un vivir escuro no mundo colonial, vivir inerte e improduyente, e fica arredado da historia universal. Se un pobo que caeu en tal estado se quere redimir del, se se quere reintegrar á historia universal, ten que voltar ás fontes vivas da súa tradición e da súa historia. Ten que ser reeducado por medio da reintegración consciente da súa personalidade. Toda outra educación, todo outro ensino, ha ser contraproduyente: non fará máis que afundir máis a aquel pobo no provincianismo.

Este é o caso de Galiza. Galiza ten urxentemente que reconquerir a súa personalidade histórica: tense que reeducar, e tense que reeducar por si mesma, fóra das aulas, pola acción privada dos que queiran ser os seus educadores espontáneos. Porque Galiza non é educada *para ser*, polos seus educadores oficiais, os cales, por oficio e por regramento, edúcana para ser provincia, e namentres non poida reivindicar os seus instrumentos de ensino ten que ser educada no libro, no xornal e na tribuna.

Polo de pronto, é urxente a educación do pobo galego, e hai que acabar coa vergonza de que os galegos descoñezan por completo a súa historia. E non a coñecen, porque nin nas escolas lla dependen, nin teñen libros por onde dependela.

Os galegos poden chegar aos máis altos graos universitarios, sen saberen historia de Galiza. De feito chegan os máis deles, sen saberen tan sequera a da vila en que naceron. Estudan, si, no Instituto, cecais na escola, historia de España; mais nesta, as referencias a Galiza son as máis escasas que se pode, e ademais, aínda en libros de positivo valor e de aparente imparcialidade, ou calan ou tiran importancia a canto pode en algo erguer o nome da nosa Terra e da nosa Raza, porque preocupados pola unidade do estado castelán, queren botar fóra do seu plano canto poida crebar a súa perspectiva unitaria de Alfonsos e Fernandos.

É un dos grandes problemas con que tropezan os que queiran educar a Galiza en forma, para que poida chegar a ser un pobo creador, e non soamente un pobo mimético. É urxente pór nas mans do pobo galego os instrumentos que precisa para a súa autoeducación rexeneradora. E para elo, moi principalmente, un libro onde poida estudar a súa historia, un libro popular, fácil, sinxelo, un epítome, onde atope sintetizados os resultados dos traballos feitos deica agora. Velaquí o que se propuxo Ramón Villar Ponte.

Ides ler, polo tanto, unha sinxela, unha clara e xusta exposición de feitos, que comprende a vida toda de Galiza, dende os tempos prehistóricos. Ides atopar, condensado en poucas páxinas, canto hai de importante espallado en grosos volumes, en coleccións de revistas, en libros esgotados, en manuscritos, en fontes de non doado achádego. En poucas horas de lectura,

podedes ollar o desenvolvemento histórico da nacionalidade galega. Diante dos vosos ollos pasarán o pobo das mámoas e o pobo dos castros; os romanos, de imperioso xesto e duras armas, o pobo das vías e das termas; logo os suevos e os godos e os seus descendentes, reis e condes da reconquista, o pobo dos castelos e das igrexas e mosteiros; veredes lostregar as armas de Almanzor e branquexar as velas dos normandos; veredes erguer a revolución comunal e a *jacquerie* dos irmandiños, e chegará despois o tempo dos pazos e das igrexas barrocas, e pouco a pouco, Galiza irase afundindo na era dos edificios sen estilo, debidos á protección dos ministros e dos deputados... Ollaredes ao pasar grandes figuras dignas de lembranza: heroes, santos, herexes, prelados e reis, poetas e sabios, rebeldes e mártires. Nin todos os grandes foron bos nin deixará de haber outros esquecidos. Cada un tivo na súa hora o seu rol, asegún o seu sino, e unha mesma alma lles deu nacemento, aínda aos trabucados e maifeitores.

Pode que a lectura deste libro vos deixe na alma un pouco de amarguexo; pode que atopedes que, dende o Medulio ao Carral, a historia de Galiza ten menos triunfos e menos glorias que referir do que desgracias e tristuras. E certo é, de ren nos ía servir o que o quixeramos tapar e manter oculto e escondido.

Mais elo non vos tire a esperanza: lembrade cantas vergonzas e asoballamentos tivo que aturar o que se chamou Pobo Escolleito de Deus, e lembrade que despois de teren sido escravos no Exipto, conqueriron a Terra Prometida, e viron chegar os días gloriosos de David e de Salomón; e lembrade que despois de estares cativos en Babilonia, voltaron de novo erguer o Templo no santo monte de Sión; e lembrade que, aínda despois de espallados polo mundo pola forza dunha maldición divina, son hoxe pouco menos que os donos de Europa.

Aínda agardan á nosa Terra longos días de gloria. Se a queredes acadar, non pechedes os oídos ás verbas dos que vos predicán o voso rexurdimento.



FUNDACIÓN
VICENTE RISCO

UNHA VOLTA POR PORTUGAL

(Céltiga. "Da renacencia Galega", 10-XII-1928)

F un pasar -xa foi no outono- uns poucos días a Portugal.

A paisaxe galega acompañoume fiel ata máis alá de Aveiro. Estiven en Viana do Castelo, e na compañía do eminente escritor e etnógrafo doutor Claudio Basto, subín ao monte de Santa Luzia, e ollei toda a máxica beleza que que dende alí se albisca: a foz do Limia cuio nacemento, ollara outrora dun xeito semellante, ao pé da torre da Pena, preto de Xinzo. Un detalle de arquitectura: as portas e fiestras de arco xeminado que eu observara na nosa Limia (Parada de Outeiro, Sabariz, Rairíz, Guillamil) repítense en edificios manuelinos, e máis modernos, da Viana de Castelo. Velaquí, confirmando os ditos de Froebenius, unha forma arquitectónica que foi río abaixo ou río arriba... Estiven no Porto, con vellos amigos da Renascença, cos profesores da Facultade de Letras, tan culta e moderna e cos redactores do *Primeim de Janeiro*, o xornal ao que nos case esquecidos tempos do *Miño* de Ourense, iamos procurar as novas máis recentes, adiantadas ás que viñan nos de Madrid, e hoxe resucitado e anovado polo esforzo do gran periodista Jorge de Abreu. Fixen unha escapada a Lisboa, onde visitei a redacción de *Seara Nova*, e o convento e Museu de Belem, espello para o noso futuro Museo Etnográfico, e o do Canuo, e as cristaleiras de todas as tendas de libros, ateigadas de cousas francesas. Todos os amigos estaban ausentes, moitos deles exiliados, por mor do derradeiro movemento revolucionario. Voltei para ir pasar un día na casa do gran poeta Teixeira de Pascoaes, vella casa fidalga, onde tamén coñecín o arriscado cazador de elefantes Joao Teixeira de Vasconcelos, irmán do poeta que me asegurou moi formal que para acometer as súas perigosísimas fazañas en África Central, abundaba con ter seriedade. ¡Así fala o que a ten! Despois dei a volta pola Régua, Vila Real. Chaves e Verín, fermosa terra tamejana.

Dixen que na miña peregrinaxe me acompañara a paisaxe galega. E a alma galega tamén: todas as almas que atopei o eran. Non esquecerei as longas paseatas polo Porto, ese Vigo con historia, cidade cubista, semellante ao cadro de Citroën *Cibdade mundial*, feita con fotos apegadas nun cartón, que Ferdinand Roh reproduce no seu libro encol do Postexpresionsimo, latricando co doutor Hernani Cidade, un dos mellores homes que eu teño coñecido, e un espírito cheo de entusiasmo, de comprensión e de sabidencia: as palabras no café cun fato de rapaces universitarios, entre os que destacaba a figura un pouco arcaica de bohemio do caricaturista Octavio Sergio, e que escoitaban con marabillado interes falar das arelas e das esperanzas da nosa Galiza; e unha sobremesa co grande Leonardo Coimbra, contra quen, estreitado pola súa lóxica precisa e púxil de matemático, tiven que defender o *Noksha* bramánico e o *Nirovana* budhista...

Almas nosas, todas elas... O que sei dicir é que había tempo que eu non podía falar de Galiza con toda liberdade, e que a mina estaba, demasiado curta en Portugal, foi un respiro, un acougo, un descanso nesta Rúa da Amargura pola que un vai caminando coa pesada cruz ao lombo do Ideal Galeguista. Porque aquí, entre nós, aínda hai algúns –menos que hai algúns anos- que lle ponen a un como defecto o amor que un ten a Galiza, e que eles pensan que é excesivo, coma se Galiza non fora tan patria deles coma dun. En Portugal non. Escoitan e comprenden.

¿Que penso eu de Portugal? Pois penso que Portugal é unha Galiza que conserva a súa -a nosa- personalidade, que transformou a súa -a nosa- alma en cultura, e levouna polo mundo, que se ten de pé, e que representa na comunidade das nacións criadoras o noso xesto espiritual. É o noso representante no mundo.

Isto explica a gravitación necesaria da alma galega cosciente cara a Portugal. Porque, como dicía moi ben o catalán Gaziél, nós, galegos, dentro desta Península Ibérica que Teixeira de Pascoaes, coincidindo nisto co Antonio Sardinha, cre aínda chamada a un fado glorioso, pertencemos, queiramos ou non, ao sistema occidental. Tres linguas, tres culturas; ditosa disposición da Providencia, pois elo implica para esta "pel de touro estirada" unha riqueza espiritual ben maior

que sen ela non houbera máis que unha lingua e unha cultura. Isto xa o comprenden alá en Madrid, onde non deixaron de tardar en caer da burra.

Ademais, Portugal é, con todas as súas desgracias -traídas, non hai dúbida polo karma das descubertas- un caso extraordinario de vitalidade, e tamén unha soberbia obra de arte do esforzo consciente das xeracións, esforzo sostido dende Ourique ata a República cunha vontade, unha sabencia e un tacto político que pasman, e no que cómpre ver moita máis grandeza que na epopea asombrosa das Gamas e dos Aburquerque. A existencia rmesma de Portugal é o grande milagre. ¿E para nós? Portugal recolleu a alma galega e sostívoa ata hoxe cunha tensión de espírito como as que nos marabillan nos grandes ascetas lendarios da India remota.

Ei, galegos: ¿ata cando imos estar parados ollando o que fan os nosos irmáns? Ademais, pódense dividir os corpos, non as almas. Por riba da fronteira política, e independentemente dela. Portugal e Galiza débense integrar nunha comunidade espiritual, nunha comunidade de cultura.



"YO AMO A GALICIA COMO EL QUE MÁS"

(Céltiga. 10-XII-1931)

"Yo amo a Galicia como el que más": velaquí o tópico, o cliché, a frase estereotipada con que todos os malos galegos queren disimular a súa falla de conciencia patriótica.

Cando un señor calquera ceiba esas verbas hipócritas: "Yo amo a Galicia como el que más" é seguro que, de pensamento, de palabra ou de obra, vai cometer unha traizón contra da súa Terra.

As verbas "yo amo a Galicia como el que más", denuncian ao verdadeiro galeguista, a presenza indubidable dun inimigo de Galiza.

Agora como sempre, pero máis neste instante álxido e cheo de perigo, está aberta a loita entre nós e os que "aman a Galicia como el que más".

O centralismo ten o preito definitivamente perdido en Cataluña e máis en Basconia. Pode que o perda tamén en Andalucía. Non pode por menos de acugular todo o seu esforzo en Galiza, única esperanza que xa lle queda. Para vergonza nosa, aínda pode contar aquí o centralismo con fundadas esperanzas: conta como un só home, cos que "aman a Galicia como el que más".

A loita está aberta: se triunfamos nós, a verdade farase patente, e os que "aman a Galicia como el que más" ficarán expostos á eterna vergonza. Se triunfan eles, como pode acontecer, nós teremos a conciencia do deber cumprido, e eles, os hipócritas, os descastados, seguirán "amando" a unha Galiza pobre, humildosa, esquecida, sen liberdade, sen dignidade, sen prosperidade.

Galiza morrerá para sempre, afogada polos que a "aman como el que más".



FUNDACIÓN
VICENTE RISCO

CONVERSA OUVIDA NO TREN

(Céltiga. 10-XII-1932)

Lo que pasa en Galicia es una vergüenza. Yo no sé como ustedes, los nacionalistas, consienten estas cosas. Contra eso es contra lo que debieran ir, porque hay que empezar por ahí.

-¿E os que non son nacionalistas non son tamén galegos? ¿Ou queren que os nacionalistas llo dean todo feito?

- *Hombre, no... Pero ustedes deben tener la iniciativa, marcar el camino, dar la pauta. Lo que Galicia necesita, lo que Galicia quiere, es que se le señale una ruta nueva para salir de su...*

-Hai máis de quince anos que ese vieiro está marcado.

-*Ciertamente. En la idea de ustedes hay muchas cosas acertadas; pero hay que hacer llegar eso a todas, es necesario hablar al pueblo.*

-¿E logo nós, a quen falamos?

-*Al pueblo, es verdad... Pero...*

-Se ustedes me poden indicar un xeito novo de llo dicir, farían ustedes un gran ben.

-*No sé; no soy político.*

-¿E nunca matinou en se conviría que usted o fose?

-*Creo que no... En fin, no crea usted. Yo admiro profundamente la labor de ustedes, sólo que, ahí tiene usted: toda esa labor, para venir a dar en ese pobre Estatuto elaborado por parlamentarios... Si a eso se reducía las aspiraciones de ustedes...*

-¿Logo vostede, tenas que van máis lonxe?

-*Si hombre, sí. Yo voy mucho más lejos que ustedes.*

-¿Que os parlamentarios galegos quererá dicir...

-*Y que ustedes también. Vamos a ver: ¿A qué menos ha de aspirar Galicia que a lo que aspire Cataluña? ¿O es que nosotros somos de peor condición?*

-Ai, non lle sei. Eu, para ver o que lle convén a Galiza, endexamais me fixei no que quería Cataluña ou deixaba de querer. Eles son eles, e nós somos nós. O galeguismo, para min, halle ser nado e criado aquí, e non traguido de afora.

-*Bueno; eso, hasta cierto punto. Pero no es éste el asunto. Aquí vamos a que los catalanes van a conseguir una amplísima autonomía, y nosotros no. Conseguir menos de lo que ellos consigan, es cosa que hiere nuestro amor propio, nuestra dignidad.*

-¿Logo a vostede lévalle envexa que os catalás consigan a autonomía?

-*¡Hombre, claro, a cualquiera!*

-Menos mal, menos mal ... Mais vostede non se ten detido a examinar as causas de por qué Cataluña vai obter a autonomomía e Galiza, ¿non? ¿Vostede de quen pensa que serán as culpas?

-*De nosotros mismos; eso es indudable.*

-¡Ai, logo! Daquela non semella que sexan dos nacionalistas...

-*Sí... ustedes la han predicado siempre, pero sin eficacia.*

-¿E non será que os galegos non son merecentes dela?

-*¡Ah, no! ¡Eso no! ¿Por qué? Al contrario... El gallego es honrado, trabajador serio... Galicia dispone de fuentes de riqueza que, bien explotadas...*

-Ben, ben, iso xa o sabemos.

-*Pues bien, ¿qué otra región de España podría vivir como Galicia puede, si quisiera, independiente y soberana? Sí, señor; nosotros podríamos ser independientes, y vivir prósperamente, sin necesitar de nadie.*

-Conformes. ¿E para que nos ía a servir a nós a independencia?

-*¡Hombre, me choca! Si un nacionalista me dice eso, pues yo que no lo soy, ¿qué le voy a decir?*

-Pois eu preguntolle que para qué nos ía servir a independencia: ¿para termos un goberno cuns ministros de casaca e todo, e un Parlamentino con dereita e esquerda, e un exército con soldadiños caqui, e embaixadores por aí adiante, e unha Unión xeral de Traballadores e unha Confederación Xeral do Traballo, e un Partido Comunista, e un Gran Oriente, e unha Liga

Esperantista Nacional, e unha sección nacional da Sociedade Teosófica, e oradores e escritores fascistas, e escola única, e xuntas de damas, etc., etc.? Ía ser unha risa.

-¿Y qué? ¿No existen Estados soberanos con menos población que Galicia, y tienen todo eso, y nadie se ríe?

-Non señor. Partir o espello para que en todos os anacos se reflicta a mesma carantoña seméllame pavelo e ocioso.

-Usted perdóneme, pero yo no lo entiendo a usted.

-Non é estraño; falamos linguas diferentes...

-No, si no es por el dialecto; soy gallego, de padres y abuelos gallegos, nacido y criado en Galicia, viví aquí toda mi vida, y hablo el dialecto tan bien por lo menos como usted.

-Poderá ser, aunque non sei para cando o garda. Mais non lle é iso, é que aunque os dous faláramos a mesma lingua, tampouco nos habíamos entender, porque os sentidos que lle damos ás ideas un e outro, van moi desviados.

-Es que yo no logro comprender lo que usted quiere.

-¿O que eu quero? Pois olle: a este anaquino de espello que é Galiza, partírase ou non o grande a que está apegado, quérolle limpar o azougue, para que non repita ningunha imaxe, e para que deixe pasar a raiola do sol, e manifeste deste xeito o seu ser nidio, limpo, a súa entranxa enxebre. Ou isto, ou nada.

-¿De manera que usted no querría la independencia de Galicia? ¿No le interesa ni aún la autonomía?

- Eu quero para Galiza todo o que Galiza poida obter. Máis autonomía, independencia mesmo, non poderían ser fins, senón medios. Se non serviran para crear algo novo, inédito, e sobre todo masa, non servirían de nada.

-Entonces ¿qué es lo que quiere usted para Galicia?

_Conformaríaime con que fose galega.

Velaquí o que eu ouvín.



FUNDACIÓN
VICENTE RISCO